

Venres, 27 de marzo de 2026

Núm. 59

ADMINISTRACIÓN LOCAL**PROVINCIAL**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas*BASES REGULADORAS DO II PREMIO CASTELAO DE TEXTOS TEATRAIS DA
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**BASES REGULADORAS DO II PREMIO CASTELAO DE TEXTOS TEATRAIS
DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA*

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, co ánimo de acrecentar a calidade creativa das e dos nosos escritoras e escritores, promover o talento e o potencial literario na provincia de Pontevedra e incentivar a creación dramática en lingua galega, convoca o II Premio Castelao de Textos Teatrais da Deputación de Pontevedra como continuación da homenaxe iniciada en 2025 ao escritor e dramaturgo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao no 75 aniversario da súa morte.

A convocatoria deste premio supón o exercicio por parte da Deputación de Pontevedra dunha actividade de promoción sociocultural a través da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo co previsto no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Dentro do ámbito competencial local, no artigo 36.1.d da mencionada LRBRL establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118.d, a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Por todo iso, a Deputación de Pontevedra establece as bases reguladoras deste premio, ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP); na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra; e na demais normativa de aplicación, de acordo coas seguintes



Venres, 27 de marzo de 2026

Núm. 59

*BASES***Primeira. Obxecto e finalidade**

O obxecto destas bases é establecer e regular a convocatoria do II Premio Castelao de Textos Teatrais da Deputación de Pontevedra. O seu obxectivo é fomentar, apoiar e mellorar a calidade e a creatividade das escritoras e escritores, ademais de promover o talento e o potencial literario da nosa provincia, así como incentivar e lembrar a creación dramática en lingua galega e a figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e incidir de forma directa na participación e na promoción da lingua galega.

A participación e concesión do premio efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como os de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e no uso dos recursos públicos.

Segunda. Persoas candidatas

Poderán participar todas as persoas maiores de idade que presenten obras de teatro escritas en lingua galega.

As e os participantes terán a obriga de comunicarlle á Deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión.

Non poderán beneficiarse as persoas solicitantes que incumplan algún dos requisitos especificados nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS.

A persoa gañadora da edición inmediatamente anterior non se poderá presentar ao mesmo premio.

Terceira. Premios

Outorgarase un premio único, dotado con doce mil euros (12.000 €), con cargo á aplicación 334.3340.480.01 do Orzamento ordinario do organismo provincial.

Este galardón estará suxeito á retención do IRPF correspondente á lexislación vixente no momento da resolución.

A súa contía inclúe a adquisición dos dereitos de explotación da primeira edición da obra gañadora ata un máximo de 800 exemplares, así como da edición dixital desta durante un período de cinco anos.

A obra premiada, a través do seu correspondente expediente de contratación, será publicada pola editorial adxudicataria na súa colección de teatro, e entregaráselle á súa autora ou autor vinte e cinco exemplares desta.



Venres, 27 de marzo de 2026

Núm. 59

O premio non poderá concederse a título póstumo, sen prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse se a persoa gañadora falecese despois da decisión do xurado.

Non obstante, o premio poderá quedar deserto ou concederse con carácter ex aequo; neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas.

Antes da entrega de premios as persoas premiadas deberán declarar responsablemente estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

O importe do galardón aboarase mediante transferencia á conta bancaria indicada pola persoa premiada, da que esta deberá ser titular.

Cuarta. Obras

Poderán presentarse obras teatrais escritas en lingua galega de acordo coa norma ortográfica ILG-RAG, ser inéditas e non estar premiadas en ningún outro certame nin levadas a escena en ningún espectáculo.

O tema sobre o que versará a obra presentada será totalmente libre, pero valorarase o seu desenvolvemento nalgunha localización da provincia de Pontevedra.

A orixinalidade da obra e a súa autoría xustificarse mediante unha declaración responsable na que se manifeste ser a persoa autora e titular de todos os dereitos e que non se empregou ningunha clase de intelixencia artificial (IA) xenerativa na súa realización.

En consecuencia, a Deputación Provincial de Pontevedra non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que puidesen xurdir; as accións legais que procedan recaerán na persoa participante afectada, quen asumirá, no seu caso, as indemnizacións que puidesen corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

A extensión máxima do documento será de 200.000 caracteres con espazos incluídos, e deberá cumprir as seguintes especificacións: folla formato DIN A4, texto a dobre espazo, letra Times New Roman con corpo 12, entrelíñado dobre, as marxes esquerda, dereita, superior e inferior serán de 3 cm e deberá estar paxinado. En ningún caso o nome da persoa autora poderá aparecer no texto da obra.

As obras que non cumpran estas características non se terán en conta para a súa valoración por parte do xurado.

Para garantir o anonimato das solicitudes, a presentación realizarase baixo o sistema de plica. Así, presentarase un sobre pechado, a portes pagados, que indique no exterior o título "II Premio Castelao de Textos Teatrais da Deputación de Pontevedra" e o lema ou pseudónimo da persoa autora.



Venres, 27 de marzo de 2026

Núm. 59

Dentro deste sobre principal incluíranse dous sobres (sobre A para a obra e sobre B para a documentación). En ambos os dous sobres indicarase o seguinte no exterior:

- II Premio Castelao de Textos Teatrais da Deputación de Pontevedra.
- Título da obra.
- Lema ou pseudónimo.

SOBRE A. Obra

As obras presentaranse preferentemente en soporte dixital, nun USB; o formato de documento será o de Word ou OpenOffice, ademais de PDF. O documento incluírá na portada a seguinte identificación:

- II Premio Castelao de Textos Teatrais da Deputación de Pontevedra.
- Título da obra.
- Lema ou pseudónimo da persoa autora.

En caso de optar pola presentación en papel, os orixinais serán enviados por duplicado, en exemplares separados, grampados ou encadernados, e indicando o número total de caracteres.

SOBRE B. Documentación

Incorporará os seguintes documentos:

- Copia do documento de identidade.
- Enderezo, teléfono de contacto e correo electrónico.
- Breve currículo.
- Declaración responsable na que manifieste ser a persoa autora e titular de todos os dereitos da obra presentada.
- Declaración expresa de que a obra é inédita e non foi premiada, ata a data da súa presentación, en ningún outro premio ou certame, e que na súa escrita non se empregou ningunha clase de IA xenerativa.
- Escrito no que manifieste a súa conformidade coa cesión dos dereitos de edición da obra (incluídos os de publicación, distribución e explotación) por un prazo de cinco anos desde a data de concesión do premio.
- Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para participar no II Premio Castelao de Textos Teatrais da Deputación de Pontevedra, de conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Quinta. Prazo de presentación

O prazo de presentación iníciarase o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria deste premio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, e rematará o 15 de setembro de 2026.



Venres, 27 de marzo de 2026

Núm. 59

Os orixinais enviaranse ao seguinte enderezo: Deputación de Pontevedra (Rexistro Xeral), avenida de Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra.

Sexta. Xurado

A obra premiada será seleccionada por un xurado, nomeado para estes efectos por unha resolución presidencial, que estará composto por:

- Presidente: o presidente da Deputación ou persoa en quen delegue.
- Secretario: o secretario da Deputación ou funcionaria ou funcionario en quen delegue.
- Vogais: cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito teatral e literario galego, nomeadas pola propia Deputación de Pontevedra.

As deliberacións do xurado serán secretas e redactarase a acta correspondente.

O ditame do xurado será inapelable; producirase o 29 de xaneiro de 2027 —aniversario do nacemento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao— e darase a coñecer nun acto público, ademais de a través do taboleiro de anuncios da Sede electrónica da Deputación (<https://sede.depo.gal/web/>).

Se o xurado o considerase, podería salientar unha segunda obra como finalista. Nese caso, abrirase a plica correspondente e, se a autora ou o autor o permite, darase a coñecer o seu nome.

Da actuación do xurado e da adxudicación do premio redactarase unha acta detallada que, asinada polos seus membros e coa totalidade das documentacións presentadas, pasará a coñecemento da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra para a súa posterior publicación no BOPPO.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no artigo 5.2.d do capítulo I do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas á obriga de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición do xurado darase a coñecer con anterioridade á súa reunión no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da Deputación (<https://sede.depo.gal/web/>), co fin de que se poidan interpoñer, se for o caso, os recursos legais pertinentes.

As persoas integrantes do xurado percibirán as indemnizacións correspondentes por gastos de asistencia ás reunións nas que se redacte acta, nas mesmas condicións que os cargos electos, cos importes establecidos na base 52.^a.2.b do Orzamento da Deputación de Pontevedra. Estes gastos imputaranse á aplicación orzamentaria 334.3340.232.03



Venres, 27 de marzo de 2026

Núm. 59

Sétima. Documentación

Non se devolverán as obras presentadas non premiadas, e a partir do día seguinte ao da decisión do xurado serán destruídas.

A participación no premio implica a aceptación das bases da convocatoria e, en caso de que o texto presentado sexa premiado ou seleccionado polo xurado para a súa publicación, a cesión dos dereitos sobre a primeira edición deste, que será non venal.

Oitava. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicárselle que, se non o fai, se entenderá que desiste da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos xenéricos que poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderanse empregar sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>

Novena. Instrución e resolución do procedemento

A instrución do procedemento corresponderalle á xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.

A concesión aprobaraa o órgano competente, logo da fiscalización de Intervención.

A resolución derivada da decisión do xurado farase pública no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP. Así mesmo, tamén se publicará en www.depo.gal. Ambas as publicacións expresarán o réxime de recursos correspondente.

O ditame do xurado será inapelable.



Venres, 27 de marzo de 2026

Núm. 59

Décima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo primeira. Réxime xurídico

Ademais de por estas bases, a convocatoria rexeráse polas seguintes disposicións:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Bases de execución do Orzamento xeral da Deputación de Pontevedra.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPACAP).
- Demais lexislación aplicable.

